# Rede de Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia EASD

Guía de titulacións

XUNTA DE GALICIA

# Índice


**REDE DE ESCOLAS DE ARTE E SUPERIORES DE DESEÑO DE GALICIA 3**

Presentación 4
Sedes 5
Sistema educativo no Marco Europeo de Educación Superior 6

**TÍTULOS DE GRAO EN EAS DE DESEÑO 7**

Acceso Título de Grao 8
Matrícula Título de Grao 9
Título de Grao en EAS de Deseño na esp. de Deseño Gráfico 10
Título de Grao en EAS de Deseño na esp. de Interiores 11
Título de Grao en EAS de Deseño na esp. de Deseño de Moda 12
Título de Grao en EAS de Deseño na esp. de Deseño de Produto 13

**TÍTULOS DE TÉCNICO/A SUPERIOR EN ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO 14**

Acceso Ciclos Formativos de Grado Superior 15
Matrícula Ciclos Superiores 16
CFGS Cerámica Artística 17
CFGS Dourado, Prateado e Policromía 18
CFGS Ebanistaría Artística 19
CFGS Escultura Aplicada ao Espectáculo 20
CFGS Fotografía 21
CFGS Gravado e Técnicas de Estampación 22
CFGS Ilustración 23
CFGS Técnicas Escultóricas 24
CFGS Xoiaría Artística 25

**TÍTULO DE TÉCNICO/A EN ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO 26**

Acceso Ciclos Formativos de Grao Medio 27
Matrícula Ciclos Formativos de Grao Medio 28
CFGM Serigrafía Artística 29

**ENSINANZA MODULAR 30**

Información 31

# Rede de Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia

EASD

XUNTA DE GALICIA

# Rede de Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia EASD

Ensinanza oficial e pública

Certificación AENOR ER-0225/2019 na ISO 9001

Modalidade presencial

170 prazas de novo ingreso en Título de Grao

315 prazas de novo ingreso en Ciclos Formativos

Metodoloxía proxectual e procesos creativos

Novas tecnoloxías, investigación e innovación

Bolsas Erasmus

Prácticas nas empresas de cada sector

Exposicións, publicacións e premios

XUNTA DE GALICIA

# Sedes






### EASD ANTONIO FAILDE

Avda. da Universidade, 18
32005 A Cuña · Ourense

escola.arte.antonio.failde
@edu.xunta.gal

988 238 365 · 988 391 073

www.escolarte.com



### EASD MESTRE MATEO

Rúa Virxe da Cerca, 32
15703 Santiago de
Compostela

escola.arte.mestre.mateo@
edu.xunta.gal

981 587 757

www.easd.es



### EASD PABLO PICASSO

Rúa Os Pelamios, 2
15001 A Coruña

escola.arte.pablo.picasso@
edu.xunta.gal

981 225 396

www.eapicasso.com



### EASD RAMÓN FALCÓN

Paseo dos Estudantes, 31
27002 Lugo

escola.arte.ramon.falcon@
edu.xunta.gal

982 220 790

www.escoladeartelugo.com

# Sistema educativo

## do Marco Europeo de Educación Superior

| CICLOS FORMATIVOS | ENSINANZAS SUPERIORES | | |
|---|---|---|---|
| **TÉCNICO SUPERIOR** | **GRAO** | **MÁSTER** | **DOUTOR** |
| Técnico Superior de Formación Profesional | Título de Graduado Universitario | Título de Máster Universitario | Título de Doutor |
| **Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño** | **Título de Grao en Ensinanzas Artísticas Superiores de Deseño** | **Título de Máster en Ensinanzas Artísticas** | |
| Técnico Deportivo Superior | | | |
| **MECES 1<br>EQF 5** | **MECES 2<br>EQF 6** | **MECES 3<br>EQF 7** | **MECES 4<br>EQF 8** |

**TÉCNICO**

Técnico de Formación Profesional

**Técnico de Artes Plásticas e Deseño**

**EQF 4**

XUNTA DE GALICIA

# Títulos de Grao en Ensinanzas Artísticas Superiores de Deseño

EASD

XUNTA DE GALICIA

# Acceso

Grao en Ensinanzas Artísticas
Superiores de Deseño

**MECES 2**

## Normativa

**>> Real Decreto 633/2010, de 14 de maio, polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de Grao de Deseño establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.**

**>> Decreto 172/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 23 de novembro de 2015), que conducen ao título de grao en ensinanzas artísticas superiores de deseño, segundo a Lei orgánica 3/2020, de 29 de decembro.**

**>> Orde do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Deseño en desenvolvemento do Decreto 172/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 1 de decembro de 2016).**

**>> RESOLUCIÓN da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o acceso e a admisión do alumnado ás ensinanzas superiores de deseño para o curso (publicación anual a partir do mes de abril no DOG).**

### Acceso Directo

(sen necesidade de realizar ningunha proba de acceso)

**Requisito**

Estar en posesión dun título de **Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño**[*].

Reserva do 20% das prazas.
Criterio de adxudicación: nota media do expediente académico.

[*] No caso de que a persoa aspirante estea pendente da avaliación do proxecto final ou da avaliación final de ciclo, para a obtención dun título de técnico superior en Artes Plásticas e Deseño na convocatoria de xuño do ano académico correspondente, e en consecuencia non dispoña do título antes de finalizar o prazo de inscrición, poderá igualmente formalizar a súa inscrición para o acceso e admisión aos estudos superiores de Deseño, e deberá presentar a certificación de ter solicitado o devandito título para a formalización da matrícula no prazo ordinario establecido na resolución.

### Acceso mediante superación dunha Proba Específica

**Requisitos** (cumprir un dos seguintes)

**>>** Estar en posesión de calquera dos seguintes títulos: **título de bacharelato**[*], **título universitario de licenciado**, **graduado** ou **de diplomatura**[**], ou equivalente para os efectos académicos.

**>>** Ter superada a **proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos**.

[*] Aquelas persoas que desexen realizar a proba específica de acceso e teñan pendente algunha das materias do bacharelato poderán inscribirse no proceso de acceso e admisión e realizar a devandita proba e, no caso de superala, poderán optar á asignación da praza solicitada, unha vez estean en posesión do título de bacharelato.

[**] Sempre que o título universitario de diplomatura quedase asimilado ao correspondente título universitario de grao.

### Non teño título de bacharelato nin teño superado a proba de acceso á universidade, podo cursar un Grao nunha Escola Superior de Deseño?

Se tes máis de 18 anos ou os cumpres no ano natural de realización da proba, podes presentarte á Proba Específica, sempre que superes previamente unha **proba de acceso substitutiva do requisito de titulación**.

### Reserva do 5% das prazas para colectivos específicos.

**Requisitos**

**>>** Presentar certificado acreditativo de ser deportista de alto nivel e/ou rendemento.
**>>** Presentar certificado acreditativo de discapacidade de alomenos un 33%.

XUNTA DE GALICIA

# Que debo facer se me quero matricular nos estudos conducentes ao título de Grao nunha Escola de Arte e Superior de Deseño?

### FASE 1.
### Publicación da resolución de convocatoria no DOG para presentar a solicitude (acceso, admisión e matrícula)

Achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) **Copia do DNI, NIE ou pasaporte**.

b) **Resgardo do aboamento** dos prezos públicos segundo o Decreto 89/2013, do 13 de xuño (DOG do 17 de xuño), consonte a un destes modelos oficiais, xunto cos certificados de exención ou redución correspondente, se é o caso:

- Modelo E (autocopiativo en papel facilitado nas secretarías das escolas).
- Modelo A I, xerado electronicamente e impreso desde a ligazón: http://www.atriga.gal/es/tributos-da-comunidade-autonoma/taxas-e-prezos/confeccion-on-line-impresos
- Modelos 730 e 731, xerados electronicamente no portal da internet da Axencia Tributaria de Galicia: https://ovt.atriga.gal.

c) **Documentación académica** segundo proceda:

- Título de bacharelato ou titulación equivalente.
- Certificación académica do bacharelato con indicación de materias pendentes.
- Certificación de ter superado a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.
- Certificación académica do título de técnico superior en Artes Plásticas e Deseño cursado, no caso de optar pola quenda de acceso directo.
- Título universitario que cumpra as condicións establecidas na resolución.
- Certificado de superación da proba substitutiva do requisito de titulación de bacharelato correspondente a convocatorias anteriores.

d) De ser o caso, farase constar na solicitude que o aspirante está **pendente de realizar a proba** que substitúe o requisito de titulación de bacharelato. A súa admisión quedará condicionada á superación do requisito correspondente.

e) **Documento acreditativo do grao de discapacidade** e solicitude de adaptación dos medios e condicións de realización da proba de acceso que corresponda, de ser o caso.

f) **Documento acreditativo da condición de deportista galego de alto nivel e/ou rendemento**, de ser o caso.

### FASE 2.
### Inscrición para as probas

- Indicar na inscrición as **especialidades** que se desexan cursar por orde de preferencia, ata un máximo de catro opcións.
- Presentar unha **copia da solicitude xunto coa documentación requirida** na secretaría de calquera das sedes.

**Inscrición telemática:**
Empregando o certificado dixital ou Chave365.
Formulario: www.edu.xunta.gal/eas

**Inscrición presencial:**
Nas secretarías das sedes da Rede de Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia.

### FASE 3.
### Proba substitutiva do requisito de titulación
(de non reunir os requisitos de titulación de bacharelato)

- Publicación provisional de persoas inscritas.
- Reclamacións á listaxe provisional.
- Publicación definitiva de persoas inscritas.
- Publicación provisional das cualificacións.
- Reclamacións en contra das cualificacións.
- Publicación definitiva das cualificacións.

### FASE 4.
### Proba específica de acceso

- Publicación provisional de persoas inscritas.
- Reclamación contra a listaxe provisional.
- Publicación definitiva de persoas inscritas.
- Publicación das cualificacións provisionais.
- Reclamacións en contra das cualificacións.
- Publicación cualificacións definitivas.

### FASE 5.
### Matrícula*

- 1ª asignación de prazas.
- 1ª Matrícula.
- 2ª asignación de prazas.
- Matrícula para a 2ª asignación de prazas.

* Non matricularse nos días sinalados, agás causa xustificada e acreditada documentalmente, implica a renuncia á praza.
As persoas aspirantes con materias pendentes do Bacharelato deberá acreditar a superación das materias para poder matricularse.

**A publicación de listaxes de persoas inscritas nas diferentes probas, así como de persoas admitidas, cualificacións, etc. realizarase na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e nos taboleiros e webs das sedes das EASD**

Título de Grao en Ensinanzas Artísticas Superiores de Deseño na especialidade de

# Deseño Gráfico

A Coruña
Lugo
Ourense

Titulación oficial de Grao Nivel MECES 2

4 cursos académicos

60 prazas/ curso 6 grupos

Matrícula: 317€ curso

Probas de acceso

Bolsas



## NORMATIVA

DECRETO 172/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia.

## CAMPO PROFESIONAL

- Identidade corporativa e visual.
- Deseño editorial.
- Produción gráfica.
- Deseño de envases e embalaxes.
- Dirección de arte en publicidade.
- Deseño audiovisual.
- Grafismo en televisión.
- Deseño multimedia.
- Deseño de interacción, deseño web.
- Deseñador ambiental: gráfica e comunicacións aplicadas ao espazo.
- Deseño de material didáctico.
- Investigación e docencia.

## PROGRAMA

| 1º curso | Horas curso | ECTS | 2º curso | Horas curso | ECTS | 3º curso | Horas curso | ECTS | 4º curso | Horas curso | ECTS |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Fundamentos deseño | 72 | 4 | Tipografía | 144 | 6 | T^cas audiovisuais e anim. | 216 | 16 | Prox. interdisciplinar | 72 | 12 |
| Deseño básico | 108 | 8 | Cultura do deseño | 72 | 6 | Tecnoloxía dixital aplic. II | 72 | 6 | Xestión deseño gráf. | 72 | 6 |
| Debuxo artístico | 180 | 10 | Tecnoloxía dixital aplic. I | 144 | 12 | Proxectos deseño gráf. II | 216 | 16 | Prácticas externas | - | 12 |
| Volume | 144 | 8 | Fotografía | 72 | 6 | Organización e lexislac. | 72 | 4 | Optativa I | 72 | 6 |
| Sistemas representación | 72 | 6 | Produción gráfica | 72 | 6 | Optativa I | 72 | 6 | Optativa II | 72 | 6 |
| Tecnoloxía dixital | 108 | 6 | Historia deseño gráfico | 72 | 6 | Optativa II | 72 | 6 | Traballo fin de estudos | 72 | 18 |
| Historia artes e deseño | 108 | 6 | Proxecto deseño gráf. I | 216 | 12 | Optativa III | 72 | 6 | | | |
| Ciencia aplic. ao deseño | 72 | 6 | Optativa | 72 | 6 | | | | | | |
| Laboratorio de imaxe | 108 | 6 | | | | | | | | | |

*As optativas varían en función da sede docente.

Créditos totais: 240 créditos ECTS

XUNTA DE GALICIA

Título de Grao en Ensinanzas Artísticas Superiores de Deseño na especialidade de

# Deseño de Interiores

A Coruña
Lugo
Ourense

| Titulación oficial de Grao Nivel MECES 2 | 4 cursos académicos | 60 prazas/ curso 6 grupos | Matrícula: 317€ curso | Probas de acceso | Bolsas |
|---|---|---|---|---|---|



FOTO: EASD ANTONIO FAÍLDE

## NORMATIVA

DECRETO 172/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia.

## CAMPO PROFESIONAL

- Vivenda e deseño dos espazos interiores para o hábitat.
- Deseño de espazos comerciais e de ocio.
- Deseño de espazos administrativos.
- Deseño de espazos culturais, educativos e lúdicos.
- Deseño de espazos efémeros.
- Paisaxismo e deseño de espazos públicos.
- Xestión empresarial de actividades creativas.
- Deseño dos espazos interiores dos distintos sistemas de transporte.
- Xestión de obras, medicións, orzamentos e prevención de riscos no ámbito do deseño de interiores.
- Dirección de obra no ámbito do deseño de interiores.
- Investigación e docencia.

## PROGRAMA

| 1º curso | Horas curso | ECTS | 2º curso | Horas curso | ECTS | 3º curso | Horas curso | ECTS | 4º curso | Horas curso | ECTS |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Fundamentos deseño | 72 | 4 | Prox. deseño int. I | 216 | 16 | Prox. deseño int. II | 216 | 16 | Medicións | 72 | 6 |
| Deseño básico | 108 | 8 | Tecnoloxía dixital aplic. I | 108 | 6 | Tecnoloxía dixital aplic. II | 108 | 6 | Prácticas externas | - | 12 |
| Debuxo artístico | 180 | 10 | Construción I | 144 | 8 | Construción II | 144 | 10 | Prox. deseño int. III | 72 | 12 |
| Volume | 144 | 8 | Materiais | 108 | 6 | Instalacións II | 108 | 8 | Optativa I | 72 | 6 |
| Sistemas representación | 72 | 6 | Instalacións I | 144 | 8 | Historia deseño int. | 72 | 4 | Optativa II | 72 | 6 |
| Tecnoloxía dixital | 108 | 6 | Cultura deseño | 72 | 6 | Economía | 72 | 4 | Traballo fin de estudos | 72 | 18 |
| Historia artes e deseño | 108 | 6 | Organización e lexislac. | 72 | 4 | Optativa I | 72 | 6 | | | |
| Ciencia aplic. deseño | 72 | 6 | Optativa | 72 | 6 | Optativa II | 72 | 6 | | | |
| Debuxo t$^{co}$ aplic. des. int. | 108 | 6 | | | | | | | | | |

*As optativas varían en función da sede docente.

Créditos totais: 240 créditos ECTS

XUNTA DE GALICIA

Título de Grao en Ensinanzas Artísticas Superiores de Deseño na especialidade de

# Deseño de Moda

Santiago de Compostela

Titulación oficial de Grao Nivel MECES 2

4 cursos académicos

30 prazas/ curso 3 grupos

Matrícula: 317€ curso

Probas de acceso

Bolsas




## NORMATIVA

DECRETO 172/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia.

## CAMPO PROFESIONAL

- Deseño de moda e indumentaria.
- *Coolhunter* - Investigación de tendencias.
- Estilismo.
- Dirección artística.
- Vestiario teatral e cinematográfico.
- Deseño de complementos.
- Deseño téxtil.
- Deseño e xestión de imaxe corporativa.
- Xestión empresarial de actividades creativas.
- Deseños personalizados ou corporativos.
- Deseño de moda e indumentaria para actividades especificas.
- Figurinos.
- Xastraría e confección á medida.
- Deseño, investigación e desenvolvemento de novos conceptos, materiais, aplicacións e produtos.
- Investigación e docencia.

## PROGRAMA

| 1º curso | Horas curso | ECTs | 2º curso | Horas curso | ECTs | 3º curso | Horas curso | ECTs | 4º curso | Horas curso | ECTs |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Debuxo artístico | 180 | 10 | Estruturas | 72 | 4 | Fotografía e moda | 108 | 6 | Prácticas externas | - | 12 |
| Volume | 144 | 8 | Deseño gráf . aplic. | 72 | 6 | Cultura deseño | 108 | 6 | Optativa I | 72 | 6 |
| Sist. representación | 72 | 6 | Deseño moda I | 108 | 8 | Organización e lexislac. | 72 | 4 | Optativa II | 72 | 6 |
| Tecnoloxía dixital | 108 | 6 | Técnicas creativas | 72 | 4 | Tecnoloxía téxtil II | 72 | 4 | Optativa III | 72 | 6 |
| Fundamentos deseño | 72 | 4 | Modelismo e protot. | 144 | 12 | Materias téxtiles II | 72 | 6 | Optativa IV | 72 | 6 |
| Deseño básico | 108 | 8 | Tecnoloxía téxtil I | 72 | 4 | Deseño moda II | 144 | 8 | Optativa V | 72 | 6 |
| Historia artes e deseño | 108 | 6 | Materias téxtiles I | 108 | 6 | Proxectos deseño moda | 180 | 12 | Traballo fin estudos | 72 | 18 |
| Ciencia aplic. ao deseño | 72 | 6 | Patronaxe I | 108 | 6 | Patronaxe II | 108 | 8 | | | |
| Patronaxe básica | 108 | 6 | Historia moda | 108 | 6 | Complem. e estilismo | 72 | 6 | | | |
| | | | Mercadotecnia moda | 72 | 4 | | | | | | |

Créditos totais: 240 créditos ECTs

XUNTA DE GALICIA

Título de Grao en Ensinanzas Artísticas Superiores de Deseño na especialidade de

# Deseño de Produto

Santiago de Compostela

Titulación oficial de Grao Nivel MECES 2

4 cursos académicos

20 prazas/ curso 2 grupos

Matrícula: 317€ curso

Probas de acceso

Bolsas


FOTO: RAFA MILLARES. ALUMNO EASD MESTRE MATEO

## NORMATIVA

DECRETO 172/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia.

## CAMPO PROFESIONAL

- Deseño de envases e embalaxes.
- Deseño de calzado.
- Deseño de xoguetes.
- Deseño de electrodomésticos.
- Deseño de mobiliario para o hábitat.
- Deseño de mobiliario de oficina.
- Deseño de elementos urbanos.
- Deseño de iluminación e luminarias.
- Deseño no ámbito da automoción.
- Deseño de ferramentas e accesorios.
- Deseño de produto cerámico.
- Deseño de sanitarios e billas.
- Deseño para a artesanía.
- Deseño para condicións especiais.
- Deseño téxtil.
- Enxoval.
- Deseño de sistemas.
- Xestión do deseño.
- Desenvolvemento de produto.
- Deseño, investigación e desenvolvemento de novos conceptos, materiais, aplicacións e produtos.
- Investigación e docencia.

## PROGRAMA

| 1º curso | Horas curso | ECTs | 2º curso | Horas curso | ECTs | 3º curso | Horas curso | ECTs | 4º curso | Horas curso | ECTs |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Debuxo artístico | 180 | 10 | Ergonom. e antropom. | 72 | 4 | Organización e lexislac. | 72 | 4 | Prácticas externas | - | 12 |
| Volume | 144 | 8 | Modelos e prototipos I | 108 | 8 | Materiais II | 72 | 4 | Optativa I | 72 | 6 |
| Sist. representación | 72 | 6 | Prox. deseño produto I | 216 | 16 | Envases e embalaxes | 72 | 8 | Optativa II | 72 | 6 |
| Tecnoloxía dixital | 108 | 6 | Historia deseño industr. | 72 | 4 | Oficina técnica | 72 | 4 | Optativa III | 72 | 6 |
| Fundamentos deseño | 72 | 4 | Deseño gráfico aplic. | 108 | 6 | Cultura deseño | 72 | 6 | Optativa IV | 72 | 6 |
| Deseño básico | 108 | 8 | Materiais I | 72 | 4 | Prox. deseño produto II | 180 | 16 | Optativa V | 72 | 6 |
| Historia artes e deseño | 108 | 6 | Tecnoloxía dixital aplic. | 144 | 8 | Optativa I | 72 | 6 | Traballo fin estudos | 72 | 18 |
| Ciencia aplic. ao deseño | 72 | 6 | Mercadotecnia | 72 | 4 | Optativa II | 72 | 6 | | | |
| Debuxo tᶜᵒ aplic. | 108 | 6 | Optativa | 72 | 6 | Optativa III | 72 | 6 | | | |

Créditos totais: 240 créditos ECTs

**Próxima implantación dos itinerarios académicos de Deseño Xeral e Deseño de Xoiaría e Complementos, dentro desta especialidade de Produto**

# Títulos de Técnico ou Técnica Superior en Artes Plásticas e Deseño

EASD

XUNTA DE GALICIA

# Acceso

## Ciclos Formativos de Grao Superior
## Técnico ou técnica superior en Artes Plásticas e Deseño

**MECES 1**

## Normativa

>> Real decreto 596/2007, do 4 de maio, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño.

>> Orde do 25 de xuño de 2007 pola que se regulan o acceso e a admisión ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño (DOG do 11 de xullo de 2007).

>> Orde do 15 de marzo de 2013 pola que se modifica a Orde do 25 de xuño de 2007, pola que se regulan o acceso e a admisión ás ensinanzas profesionais de Artes Plásticas e Deseño (DOG do 25 de marzo de 2013)

>> **RESOLUCIÓN da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o acceso e admisión do alumnado ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño para o curso correspondente (publicación anual a partir do mes de abril no DOG).**

## Acceso directo

(sen necesidade de realizar ningunha proba de acceso)

### Requisitos

Quedarán exentos da realización da proba específica aquelas persoas que cumpran algún dos seguintes requisitos:

>> Estar en posesión dun título de **Técnico ou Técnica Superior en Artes Plásticas e Deseño** dunha familia profesional relacionada co ciclo formativo ao que se pretende acceder ou título declarado equivalente.

>> Estar en posesión dalgún dos seguintes títulos:

- > **Título de bacharelato**, modalidade de Artes, ou de bacharelato experimental.
- > **Título superior en Artes Plásticas ou Título superior de Deseño**, nas súas diferentes especialidades, ou títulos declarados equivalentes.
- > **Título superior en Conservación e Restauración de Bens Culturais**, nas súas diferentes especialidades.
- > **Licenciatura ou grao en Belas Artes**.
- > **Arquitectura** ou **grao en Arquitectura**.
- > **Enxeñaría técnica en Deseño Industrial** ou **grao** en calquera especialidade de **Deseño Industrial**.

>> Aqueles que, estando en posesión dos requisitos académicos de acceso acrediten ter **experiencia laboral,** de polo menos un ano, relacionada directamente coas competencias profesionais do ciclo ao que se queira acceder, para o cal presentarase certificación da empresa onde adquiriu a experiencia laboral na que conste a natureza e duración concreta da actividade realizada.

## Acceso
## mediante Proba Específica

### Requisitos

>> Estar en posesión do título de **bacharelato**, ou equivalente para os efectos académicos*.

>> Estar en posesión dun título de **técnico/a en Formación Profesional** ou dun título de **técnico/a en Artes Plásticas e Deseño**.

>> Estar en posesión dunha **titulación universitaria**.

>> Ter **superado algunha das seguintes probas**:

- > Parte común da proba de acceso a ciclos formativos de grao superior de formación profesional.
- > Proba de madureza de acceso aos ciclos formativos de grao superior de ensinanzas deportivas.
- > Proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.
- > Proba de acceso substitutiva do requisito de titulación para as ensinanzas artísticas superiores.
- > Proba de acceso substitutiva do requisito de titulación para as ensinanzas profesionais de Artes Plásticas e Deseño de grao superior superada en convocatorias anteriores.

* As persoas aspirantes que teñan pendente algunha materia de bacharelato poderán presentarse á proba específica de acceso, ben que no momento de formalizar a matrícula, deberán acreditar que están en posesión da titulación requirida, e poderán optar á praza solicitada se houbese vacantes.

## Non cumpro os requisitos para acceder mediante Proba Específica, podo cursar un Ciclo Superior nunha Escola de Arte?

Se tes máis de 19 anos, ou os cumpres no ano natural de realización da proba, e non estás en posesión do título de bacharelato, de Técnico ou Técnica en Formación Profesional ou de Técnico ou Técnica en Artes Plásticas e Deseño deberás superar a **proba substitutiva de titulación de bacharelato**.

## Reserva do 5% das prazas para colectivos específicos. Requisitos:

>> Presentar certificado acreditativo de ser deportista de alto nivel e/ou rendemento.
>> Presentar certificado acreditativo de discapacidade de alomenos un 33%.

# Que debo facer se me quero matricular nun Ciclo Formativo de Grao Superior nunha Escola de Arte e Superior de Deseño?

**FASE 1.**
**Publicación da resolución de convocatoria no DOG para presentar a solicitude** (acceso, admisión e matrícula)

A resolución de convocatoria fixa a forma e os prazos de inscrición, ademais das datas e horarios das probas e da matrícula.

**FASE 2.**
**Inscrición na web do centro elexido en 1ª opción**

**Ao realizar a inscrición o aspirante ten que optar por unha única modalidade de acceso.**
- Prazas reservadas para optar ao **Acceso Directo**.
- Prazas para optar ao acceso mediante **Proba Específica**.
- Publicación da listaxe provisional de persoas inscritas.
- Reclamacións á listaxe provisional de persoas inscritas.
- Publicación da listaxe definitiva de persoas inscritas para as diferentes probas e modalidades de acceso.

**FASE 3.**
**Proba substitutiva do requisito de titulación**
(de non reunir os requisitos de titulación)

- Publicación provisional das cualificacións.
- Publicación provisional das cualificacións.
- Publicación definitiva das cualificacións.

**FASE 4.**
**Proba específica de acceso para Familias Profesionais**

- Publicación provisional das cualificacións.
- Reclamación contra as cualificacións.
- Publicación definitiva das cualificacións.

**FASE 5.**
**Matrícula***

Relación de prazas asignadas, vacantes e lista de agarda.

As persoas aspirantes con materias pendentes do Bacharelato deberá acreditar a superación das materias para poder matricularse.

* Non matricularse nos días sinalados, agás causa xustificada e acreditada documentalmente, implica a renuncia á praza.

**A publicación de listaxes de persoas inscritas nas diferentes probas, así como de persoas admitidas, cualificacións, etc. realizarase na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e nos taboleiros e webs das sedes das EASD**

Técnico/a Superior de Artes Plásticas e Deseño en

# Cerámica Artística

Lugo

Titulación oficial de Ciclo Formativo de Grao Superior Nivel MECES 1

2 cursos académicos

15 prazas/ curso 1 grupo

Matrícula: de balde

Probas de acceso

Bolsas




## NORMATIVA

DECRETO 131/2013, de 18 de xullo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Cerámica Artística.

## CAMPO PROFESIONAL

O/a profesional da cerámica artística estará capacitado/a para concibir e realizar produtos cerámicos portadores de valores estéticos e artísticos e ocuparase dos procesos de deseño e planificación da produción, controlando a totalidade do proceso, desde a creación ata a produción de pezas únicas. Competencias xerais:

- Elaborar obra orixinal de cerámica de calidade técnica e artística a partir dun proxecto orixinal e propio, ou dunha encarga profesional determinada.
- Planificar dita elaboración mediante a definición dos seus aspectos técnicos, estéticos, funcionais, formais, materiais, económicos e de produción.
- Organizar, definir, temporalizar e levar a cabo as diferentes fases do proceso, garantindo a seguridade das operacións e realizando os controis de calidade correspondentes ata a obtención do produto rematado.

## PROGRAMA

| 1º curso | Horas curso | ECTS |
|---|---|---|
| Debuxo artístico | 108 | 6 |
| Debuxo técnico | 108 | 6 |
| Volume | 108 | 6 |
| Historia da cerámica | 72 | 5 |
| Materiais e tecnoloxía: cerámica | 108 | 7 |
| Medios informáticos | 72 | 5 |
| Obradoiro cerámico* | 432 | 26 |
| Horas de libre disposición no centro docente | 72 | 5 |

| 2º curso | Horas curso | ECTS |
|---|---|---|
| Proxectos de cerámica artística | 144 | 10 |
| Proxecto integrado | 144 | 12 |
| Volume | 72 | 4 |
| Formación e orientación laboral | 72 | 4 |
| Formación práctica en empresas, estudos e obradoiros | 200 | 6 |
| Obradoiro cerámico* | 288 | 18 |

* Tamén en ensinanza modular en Ensinanza Modular na EASD Pablo Picasso (A Coruña). Máis información: p. 31.

Horas totais: 2.000 | Créditos ECTS asociados: 120

XUNTA DE GALICIA

Técnico/a Superior de Artes Plásticas e Deseño en

# Dourado, Prateado e Policromía

A Coruña

Titulación oficial de Ciclo Formativo de Grao Superior Nivel MECES 1

2 cursos académicos

15 prazas/ curso 1 grupo

Matrícula: de balde

Probas de acceso

Bolsas





FOTOS: EASD PABLO PICASSO

## NORMATIVA

DECRETO 92/2017, do 7 de setembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Dourado, Prateado e Policromía.

## CAMPO PROFESIONAL

- Encargado/a de taller de dourado, prateado e policromía.
- Dourador/a, prateador e policromador de obras artísticas.
- Decorador/a de obras artísticas de dourado e policromía.
- Asistencia técnica en restauración de dourado, prateado e policromía.
- Técnicas de pintura tradicional e decorativa.
- Rotulación tradicional con pan de ouro.
- Ilustración e caligrafía iluminada.

## PROGRAMA

| 1º curso | Horas curso | ECTS |
|---|---|---|
| Debuxo artístico | 144 | 8 |
| Debuxo técnico | 108 | 6 |
| Volume | 216 | 11 |
| Historia da escultura | 108 | 6 |
| Aplicacións informáticas | 108 | 6 |
| Taller de dourado e prateado* | 216 | 12 |
| Mat. e tecnol. dourado, prateado e policromía | 72 | 5 |
| Proxectos de dourado, prateado e policromía I | 108 | 6 |

| 2º curso | Horas curso | ECTS |
|---|---|---|
| **1º trimestre** | | |
| Proxectos de dourado, prateado e policromía II | 192 | 10 |
| Taller de policromía* | 264 | 12 |
| Taller de t$^{cas}$ restaurac. dourado, prateado e policr. | 192 | 10 |
| Formación e orientación laboral | 72 | 4 |
| **3º trimestre** | | |
| Proxecto integrado | 50 | 18 |
| Formación práctica en empresas, estudos e talleres | 150 | 6 |

* Tamén en ensinanza modular na EASD Mestre Mateo (Santiago de Compostela). Máis información: p. 31.

Horas totais: 2.000 | Créditos ECTS asociados: 120

XUNTA DE GALICIA

Técnico/a Superior de Artes Plásticas e Deseño en

# Ebanistaría Artística

Ourense

Titulación oficial de Ciclo Formativo de Grao Superior Nivel MECES 1

2 cursos académicos

15 prazas/ curso 1 grupo

Matrícula: de balde

Probas de acceso

Bolsas



FOTO: EASD ANTONIO FAÍLDE

## NORMATIVA

DECRETO 103/2017, do 7 de setembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Ebanistaría Artística.

## CAMPO PROFESIONAL

- Construír e elaborar mobiliario de calidade técnica e artística, a partir do propio proxecto ou dunha encarga profesional determinada.
- Planificar o proceso de realización mediante a definición dos aspectos formais, funcionais, materiais, estéticos e de produción.
- Organizar e levar a cabo as distintas fases do proceso, garantindo a seguridade das operacións e realizando os controis de calidade correspondentes ata a obtención do produto acabado con garantía de calidade e seguridade.
- Colaborar co/coa conservador/a restaurador/a na identificación dos danos, na elaboración da documentación gráfica e técnica do proxecto e aplicar as técnicas e os procedementos idóneos para a restauración de mobiliario de ebanistaría artística, a partir das instrucións e/ou documentación elaborada por conservadores/as restauradores/as de bens culturais.

## PROGRAMA

| 1º curso | Horas curso | ECTS |
|---|---|---|
| Debuxo artístico | 144 | 8 |
| Debuxo técnico | 108 | 6 |
| Volume | 108 | 7 |
| Historia do moble | 108 | 6 |
| Aplicacións informáticas | 108 | 6 |
| Materiais e tecnoloxía da madeira | 108 | 6 |
| Taller de ebanistaría I | 252 | 13 |
| Proxectos de ebanistaría I | 144 | 8 |

| 2º curso | Horas curso | ECTS |
|---|---|---|
| **1º e 2º trimestre** | | |
| Taller de ebanistaría II | 288 | 14 |
| Proxectos de ebanistaría II | 168 | 8 |
| Taller de técnicas de restauración de ebanistaría | 192 | 10 |
| Formación e orientación laboral | 72 | 4 |
| **3º trimestre** | | |
| Proxecto integrado | 50 | 18 |
| Formación práctica en empresas, estudos e talleres | 150 | 6 |

Horas totais: 2.000 | Créditos ECTS asociados: 120

XUNTA DE GALICIA

Técnico/a Superior de Artes Plásticas e Deseño en

# Escultura Aplicada ao Espectáculo

A Coruña

| Titulación oficial de Ciclo Formativo de Grao Superior Nivel MECES 1 | 2 cursos académicos | 15 prazas/ curso 1 grupos | Matrícula: de balde | Probas de acceso | Bolsas |
|---|---|---|---|---|---|


FOTO: EASD PABLO PICASSO

## NORMATIVA

DECRETO 94/2017, do 7 de setembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Escultura Aplicada ao Espectáculo.

## CAMPO PROFESIONAL

- Realización de obxectos tridimensionais para escenografías de teatro e ópera, cine e televisión, parques de atraccións e temáticos, montaxe e instalacións de feiras, actividades socioculturais, parques infantís...
- Realización de estruturas, obxectos corpóreos de uso en escena con significación artística y ornamental, escultura teatral, elementos arquitectónicos e de relevo.
- Obxectos de *atrezzo* e utillaxe para cine, teatro, televisión e outros medios efémeros de expresión artística.
- Elaborar obras de ornamentación, ambientación e caracterización, mediante técnicas escultóricas, que formen parte de calquera tipo de espectáculo a partir do propio proxecto ou dun encargo profesional determinado..

## PROGRAMA

| 1º curso | Horas curso | ECTS |
|---|---|---|
| Debuxo artístico | 144 | 8 |
| Debuxo técnico | 108 | 6 |
| Volume | 216 | 11 |
| Historia da escultura | 108 | 6 |
| Aplicacións informáticas | 108 | 6 |
| Mat. e tecnol de escultura aplic. ao espectáculo | 72 | 6 |
| Proxectos de escultura aplicada ao espectáculo I | 108 | 6 |
| Taller baleirado e moldeado | 216 | 11 |

| 2º curso | Horas curso | ECTS |
|---|---|---|
| Taller de acabamentos polícromos | 96 | 5 |
| Taller de estruturas e montaxes | 120 | 6 |
| Proxectos de escultura aplicada oa espectáculo II | 216 | 10 |
| Escultura efémera | 126 | 11 |
| Formación e orientación laboral | 72 | 4 |
| Proxecto integrado | 50 | 18 |
| Formación práctica en empresas, estudos ou talleres | 150 | 6 |

Horas totais: 2.000 | Créditos ECTS asociados: 120

Técnico/a Superior de Artes Plásticas e Deseño en

# Fotografía

A Coruña
Lugo
Ourense
Santiago de Compostela

Titulación oficial de Ciclo Formativo de Grao Superior Nivel MECES 1

2 cursos académicos

110 prazas/ curso
8 grupos

Matrícula:
de balde

Probas de acceso

Bolsas




## NORMATIVA

Decreto 92/2015, de 11 de junio, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondiente ao título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Fotografía.

## CAMPO PROFESIONAL

- Fotoxornalista. Cobertura gráfica da información para os diferentes medios de comunicación.
- Fotógrafa/o de reportaxe social. Documentación de actos sociais e retratos.
- Fotografa/o publicitaria/o. Traballos para axencias de publicidade, estudios de deseño gráfico e bancos de imaxes.
- Fotógrafa/o de moda. Encargos de deseñadoras/es, fabricantes, distribuidoras/es e revistas de moda.
- Fotógrafa/o de arquitectura e interiorismo. Traballos editoriais, documentación e seguimento de obra.
- Fotógrafa/o artística/o. Realización de obra propia para o circuíto comercial da arte.
- Fotógrafa/o de xacementos arqueolóxicos.
- Posprodución fotográfica dixital.
- Técnica/o especialista en laboratorio fotográfico forense.
- Técnica/o especialista de laboratorio fotográfico de conservación e restauración de obras de arte.
- Técnica/o especialista en arquivo fotográfico e banco de imaxes.

## PROGRAMA

| 1º curso | Horas curso | ECTS | 2º curso | Horas curso | ECTS |
|---|---|---|---|---|---|
| Fundam. da representación e a expresión visual | 144 | 8 | Teoría fotográfica | 144 | 8 |
| Teoría da imaxe | 72 | 4 | Técnica fotográfica II | 144 | 8 |
| Historia da fotografía | 72 | 4 | Proxectos de fotografía II | 216 | 8 |
| Medios informáticos | 144 | 8 | Linguaxe e tecnoloxía audiovisual II | 144 | 8 |
| Técnicas fotográfica I | 216 | 10 | Formación e orientación laboral | 72 | 4 |
| Proxectos de fotografía I | 288 | 18 | Proxecto integrado | 50 | 18 |
| Linguaxe e tecnoloxía audiovisual I | 144 | 8 | Formación práctica en empresas, estudos ou talleres | 150 | 6 |

Horas totais: 2.000 | Créditos ECTS asociados: 120

XUNTA DE GALICIA

Técnico/a Superior de Artes Plásticas e Deseño en

# Gravado e Técnicas de Estampación

Lugo

| Titulación oficial de Ciclo Formativo de Grao Superior Nivel MECES 1 | 2 cursos académicos | 20 prazas/ curso 1 grupo | Matrícula: de balde | Probas de acceso | Bolsas |
|---|---|---|---|---|---|




## NORMATIVA

[DECRETO 71/2002, do 14 de febreiro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior de artes plásticas e deseño de gravado e técnicas de estampación, correspondente á familia profesional de artes aplicadas ó libro e o acceso ó dito ciclo formativo.]

## CAMPO PROFESIONAL

O técnico en gravado e técnicas de estampación é un creador con capacidade para:

- Configurar unha obra gráfica utilizando como medio de expresión artística as técnicas da xilografía, calcografía, litografía e serigrafía.
- Valorar de xeito idóneo as necesidades propostas, así como os aspectos plásticos, recursos organizativos e económicos.
- Resolver os problemas artísticos e tecnolóxicos que xorden durante o proceso de realización e estampación de matrices.
- Coñecer con detalle as especificacións técnicas dos equipos e maquinaria utilizados.
- Realizar peritaxes e recoñecemento de estampas.
- Colaborar na edición de obra gráfica, libros de artista e bibliografía.
- Asesorar e colaborar con outros artistas.
- Ser xefe de obradoiro.

## PROGRAMA

| 1º curso | Horas curso | ECTS | 2º curso | Horas curso | ECTS |
|---|---|---|---|---|---|
| Historia do gravado | 65 | - | Arquitectura e deseño do libro | 110 | - |
| Teoría da imaxe | 65 | - | Técnicas gráficas industriais | 110 | - |
| Técnicas de expresión: gravado | 225 | - | Obradoiro de litografía | 200 | - |
| Proxectos de gravado | 190 | - | Obradoiro de serigrafía | 220 | - |
| Obradoiro de gravado | 350 | - | Formación e orientación laboral | 65 | - |
| Horas de libre disposición | 65 | - | Proxecto final | 180 | - |
| | | | Formación práctica en empresas, estudos ou talleres | 105 | - |

Horas totais: 2.000

Técnico/a Superior de Artes Plásticas e Deseño en

# Ilustración

A Coruña
Ourense

Titulación oficial de Ciclo Formativo de Grao Superior Nivel MECES 1

2 cursos académicos

60 prazas/ curso
4 grupos

Matrícula: de balde

Probas de acceso

Bolsas



FOTO: EASD PABLO PICASSO

## NORMATIVA

DECRETO 95/2015, do 11 de xuño, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Ilustración.

## CAMPO PROFESIONAL

- Especialista ilustrador-a/debuxante integrado/a en equipos de comunicación visual, deseño gráfico, publicidade e medios audiovisuais.
- Realización de ilustracións e organización e supervisión da produción.
- Creación e/ou realización de ilustracións orixinais para diferentes ámbitos: ciencia, técnica, arquitectura, interiorismo, moda, publicidade, deseño gráfico, produtos, editorial, prensa.
- Creación e/ou realización de proxectos de libros interactivos e despregables (*pops-ups*) en tres dimensións.
- Análise de propostas e realización da busca documental e gráfica para proxectos de ilustración nos seus diferentes ámbitos.
- Realización e xestión de actividades culturais, educativas e divulgativas relacionadas coa ilustración.

## PROGRAMA

| **1º curso** | Horas curso | ECTS |
|---|---|---|
| Fundamentos da representac. e a expres. visual | 144 | 8 |
| Teoría da imaxe | 72 | 4 |
| Medios informáticos | 144 | 8 |
| Representación espacial aplicada | 144 | 8 |
| Técnicas gráficas tradicionais | 72 | 4 |
| Debuxo aplicado á ilustración I | 144 | 8 |
| Técnicas de expresión gráfica I | 144 | 8 |
| Proxectos de ilustración I | 144 | 8 |
| Historia da ilustración | 72 | 4 |

| **2º curso** | Horas curso | ECTS |
|---|---|---|
| Fotografía | 144 | 6 |
| Debuxo aplicado á ilustración II | 144 | 6 |
| Técnicas de expresión gráfica II | 144 | 6 |
| Produción gráfica industrial | 72 | 6 |
| Proxectos de ilustración II | 144 | 8 |
| Formación e orientación laboral | 72 | 4 |
| Formación práctica en empresas, estudos ou talleres | 150 | 6 |
| Proxecto integrado | 50 | 18 |

Horas totais: 2.000 | Créditos ECTS asociados: 120

XUNTA DE GALICIA

Técnico/a Superior de Artes Plásticas e Deseño en

# Técnicas Escultóricas

Santiago de Compostela

| Titulación oficial de Ciclo Formativo de Grao Superior Nivel MECES 1 | 2 cursos académicos | 15 prazas/ curso 1 grupo | Matrícula: de balde | Probas de acceso | Bolsas |
|---|---|---|---|---|---|



FOTO: LAURA POSE. ALUMNA EASD MESTRE MATEO

## NORMATIVA

DECRETO 101/2017, de 7 de septiembre, por el que se establece el currículo del ciclo formativo de grado superior correspondiente al título de técnico superior de Artes Plásticas y Diseño en Técnicas Escultóricas.

## CAMPO PROFESIONAL

- Encargado/a de taller de produción artística de elementos ornamentais, decorativos e escultóricos.
- Realizador/a de obra de elementos escultóricos destinados a funcións ornamentais e decorativas.
- Proxectista de obras destinadas a funcións ornamentais, decorativas e escultóricas.
- Realizador/a de obra de elementos escultóricos destinados á recuperación de patrimonio.
- Ornamentación e rehabilitación en construccións e edificios
- Creación de escenografías para teatro, cine, televisión...
- Arquitectura efémera en feiras, *stands*, congresos, centros comerciais...
- Mobiliario urbano
- Equipamento de parques infantís
- Xoguetes
- Elementos de festas populares (máscaras, monicreques...)
- Trofeos deportivos, agasallos de empresa, medallas e placas...

## PROGRAMA

| 1º curso | Horas curso | ECTS |
|---|---|---|
| Debuxo artístico | 144 | 8 |
| Debuxo técnico | 108 | 6 |
| Volume | 216 | 11 |
| Historia da escultura | 108 | 6 |
| Aplicacións informáticas | 108 | 6 |
| Materiais e tecnoloxía da escultura | 72 | 6 |
| Taller de baleirado e moldeado | 216 | 11 |
| Proxectos escultóricos I | 108 | 6 |

| 2º curso | Horas curso | ECTS |
|---|---|---|
| Proxectos escultóricos II | 216 | 11 |
| Taller de pedra | 144 | 7 |
| Taller de madeira* | 144 | 7 |
| Taller de metal | 144 | 7 |
| Formación e orientación laboral | 72 | 4 |
| Formación práctica en empresas, estudos e talleres | 150 | 6 |
| Proxecto integrado | 50 | 18 |

* Tamén en ensinanza modular na EASD Pablo Picasso (A Coruña). Máis información: p. 31.

Horas totais: 2.000 | Créditos ECTS asociados: 120

XUNTA DE GALICIA

Técnico/a Superior de Artes Plásticas e Deseño en

# Xoiaría Artística

Santiago de Compostela

Titulación oficial de Ciclo Formativo de Grao Superior Nivel MECES 1

2 cursos académicos

15 prazas/ curso 1 grupo

Matrícula: de balde

Probas de acceso

Bolsas



FOTO: PAULA VÁZQUEZ. ALUMNA EASD MESTRE MATEO

## NORMATIVA

DECRETO 124/2002, do 7 de marzo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior de artes plásticas e deseño de xoiería artística, correspondente á familia profesional de xoiería de arte, así como o acceso ó dito ciclo formativo.

## CAMPO PROFESIONAL

A capacitación profesional dun Técnico Superior en Xoiaría artística inclúe competencias para a proxectación artística de pezas de xoiaría; especialistas capaces de desenvolver o seu traballo con coñecemento do proceso de produción e comercialización do produto.

- O Ciclo Superior de Xoiaría Artística inclúe, entre outros, módulos adicados ao modelado en cera e a fundición á cera perdida, ao estudo da xemoloxía así coma o tratamento de novos materiais.
- En pleno século XXI o técnico en xoiaría artística debe ser un profesional capaz de adaptarse ás novas tendencias do mercado, aos novos materiais e ás últimas correntes en deseño, e iste convértese nuns dos eixes da metodoloxía destas ensinanzas.

## PROGRAMA

| 1º curso | Horas curso | ECTS | 2º curso | Horas curso | ECTS |
|---|---|---|---|---|---|
| Historia da ourivería, xoiería e bixutería | 95 | - | Modelado e maquetismo | 95 | |
| Debuxo artístico e cor | 95 | - | Taller de xoiería | 420 | - |
| Debuxo técnico | 95 | - | Xemoloxía | 95 | - |
| Proxectos de xoiería | 445 | - | Formación e orientación laboral | 65 | - |
| Horas de libre disposición | 65 | - | Proxecto final | 135 | - |
| Tecnoloxía e microfusión | 165 | - | Formación práctica en empresas, estudos ou talleres | 105 | - |

Horas totais: 2.000

XUNTA DE GALICIA

# Títulos de Técnico ou Técnica en Artes Plásticas e Deseño

EASD

XUNTA DE GALICIA

# Acceso

Ciclos Formativos de Grao Medio
Técnico ou Técnica en Artes Plásticas e Deseño

EQF 4

## Normativa

>> Orde do 25 de xuño de 2007 pola que se regulan o acceso e a admisión ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño (DOG do 11 de xullo de 2007).

>> Orde do 15 de marzo de 2013 pola que se modifica a Orde do 25 de xuño de 2007, pola que se regulan o acceso e a admisión ás ensinanzas profesionais de Artes Plásticas e Deseño (DOG do 25 de marzo de 2013)

>> **RESOLUCIÓN da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o acceso e a admisión do alumnado ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño para o curso correspondente. (publicación anual a partir do mes de abril no DOG).**

## Acceso directo

(sen necesidade de realizar ningunha proba de acceso)

### Requisitos

Quedarán exentos da realización da Proba Específica aquelas persoas que cumpran algún dos seguintes requisitos:

>> Estar en posesión dun título de Técnico/a ou Técnico/a Superior en Artes Plásticas e Deseño dunha familia profesional relacionada co ciclo formativo ao que se pretende acceder ou título declarado equivalente.

>> Ter superados os cursos comúns de artes aplicadas e oficios artísticos dos plans de estudos establecidos polo Decreto 2127/1963, do 24 de xullo, ou os establecidos con carácter experimental ao abeiro do Real decreto 799/1984, do 28 de marzo, sobre regulación de experiencias en centros de ensinanzas artísticas, así como polo Real decreto 942/1986, do 9 de maio, polo que se establecen normas xerais para a realización de experimentacións educativas en centros docentes.

>> Estar en posesión dalgún dos seguintes títulos:

- > Título de bacharelato, modalidade de Artes, ou de bacharelato experimental.
- > Título superior en Artes Plásticas ou título superior de Deseño, nas súas diferentes especialidades, ou títulos declarados equivalentes.
- > Título superior en Conservación e Restauración de Bens Culturais, nas súas diferentes especialidades.
- > Licenciatura ou grao en Belas Artes.
- > Arquitectura ou grao en Arquitectura.
- > Enxeñaría técnica en Deseño Industrial ou grao en calquera especialidade de Deseño Industrial.

>> Aqueles que, estando en posesión dos requisitos académicos de acceso acrediten ter **experiencia laboral,** de polo menos un ano, relacionada directamente coas competencias profesionais do ciclo ao que se queira acceder, para o cal presentarase certificación da empresa na que adquiriu a experiencia laboral en que conste a natureza e duración concreta da actividade realizada.

## Acceso mediante Proba Específica

### Requisitos

>> Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente para efectos académicos*.

>> Ter **superado algunha das seguintes probas**:

- > Parte común da proba de acceso a ciclos formativos de grao superior de formación profesional.
- > Proba de madureza de acceso aos ciclos formativos de grao superior de ensinanzas deportivas.
- > Proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.
- > Proba de acceso substitutiva do requisito de titulación para as ensinanzas artísticas superiores.
- > Proba de acceso substitutiva do requisito de titulación para as ensinanzas profesionais de Artes Plásticas e Deseño de grao superior superada en convocatorias anteriores.

*Se tes pendente algunha materia da ESO podes ir á proba específica, pero para formalizar a matrícula, debes acreditar estar en posesión da titulación requirida, optarás á praza solicitada se hai vacantes.

### Non teño título de graduado/a en Educación Secundaria Obrigatoria, podo cursar un Ciclo Medio nunha Escola de Arte?

Se tes 17 anos, ou os cumpres no ano natural de realización da proba, e non estás en posesión do título de graduado en ESO deberás superar a **proba substitutiva de titulación.**

### Reserva do 5% das prazas para colectivos específicos. Requisitos

>> Presentar certificado acreditativo de ser deportista de alto nivel e/ou rendemento.

>> Presentar certificado acreditativo de discapacidade de alomenos un 33%.

# Que debo facer se me quero matricular nun Ciclo Medio nunha Escola de Arte e Superior de Deseño?

### FASE 1.
### Publicación da resolución de convocatoria no DOG para presentar a solicitude (acceso, admisión e matrícula)

A orde fixa a forma e os prazos de inscrición, ademais das datas e horarios das probas e da matrícula.

### FASE 2.
### Inscrición na web do centro elexido en 1ª opción

**Ao realizar a inscrición o aspirante ten que optar por unha das seguintes modalidades de acceso.**
- Prazas reservadas para optar ao **Acceso Directo**.
- Prazas para optar ao acceso mediante **Proba Específica**.

**As probas de acceso específicas realizanse ao mesmo tempo, polo que non é posible realizar probas para optar a cursar ensinanzas de especialidades de diferentes familias profesionais.**

- Publicación provisional de inscritos.
- Reclamacións á listaxe provisional de inscritos.
- Publicación definitiva de persoas inscritas ás diferentes probas e modalidades de acceso.

### FASE 3.
### Proba substitutiva do requisito de titulación
(de non reunir os requisitos de titulación)

- Publicación provisional das cualificacións.
- Reclamación contras as cualificacións.
- Publicación definitiva das cualificacións.

### FASE 4.
### Proba específica de acceso para Familias Profesionais

- Publicación provisional das cualificacións.
- Reclamación en contra das cualificacións.
- Publicación definitiva das cualificacións.

### FASE 5.
### Matrícula*

Relación de prazas asignadas, vacantes e lista de agarda.

As persoas aspirantes con materias pendentes da ESO deberá acreditar a superación das materias para poder matricularse.

* Non matricularse nos días sinalados, agás causa xustificada e acreditada documentalmente, implica a renuncia á praza.

**A publicación de listaxes de persoas inscritas nas diferentes probas, así como de persoas admitidas, cualificacións, etc. realizarase na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e nos taboleiros e webs das sedes das EASD**

Técnico de Artes Plásticas e Deseño en

# Serigrafía Artística

Lugo

| Titulación oficial de Ciclo Medio Nivel EQF4 | 1 curso académico | 15 prazas/ curso 1 grupo | Matrícula: de balde | Probas de acceso | Bolsas |
|---|---|---|---|---|---|



FOTO: EASD RAMÓN FALCÓN

## NORMATIVA

Decreto 455/2003, do 5 de decembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio de serigrafía artística, de artes plásticas e deseño, correspondente á familia profesional de artes aplicadas ó libro, así como o acceso ó dito ciclo formativo.

## CAMPO PROFESIONAL

Empresas adicadas á estampación serigráfica e á reprodución serigráfica en particular, realizando traballos de encargo como profesional. O profesional deste nivel exercerá a súa actividade en empresas e obradoiros, xa sexan públicos ou privados, pequenos, medianos ou grandes, relacionados co campo profesional da serigrafía artística. O tipo de empresas ás que o alumno/a poderá acceder presenta un abano tan amplo como a mesma diversificación do mundo serigráfico:

- Subministros.
- Sinalización.
- Muros publicitarios.
- Calcomanía cerámica.
- Obra gráfica.
- Marcaxe de téxtil.
- Adhesivos comerciais.
- Carteis.
- Produtos de reclamo publicitario.
- Rotulación.

## PROGRAMA

| **1° e 2° trimestre** | Horas curso | ECTS |
|---|---|---|
| Técnicas de expresión gráfica | 150 | - |
| Historia da cultura e da arte: artes do libro | 65 | - |
| Fotomecánica | 65 | - |
| Obradoiro de técnicas serigráficas | 335 | - |
| Informática básica | 65 | - |
| Formación e orientación laboral | 65 | - |
| Horas de libre disposición | 65 | - |

| **3° trimestre** | Horas curso | ECTS |
|---|---|---|
| Obra final | 60 | - |
| Formación práctica en empresas, estudos ou obradoiros | 80 | - |

Horas totais: 950

# Ensinanza Modular

EASD

XUNTA DE GALICIA

# Información

Ensinanza Modular

## Normativa

**>> Aplícase a normativa de acceso dos Ciclos Formativos de Grao Superior.**

**>> Orde do 25 de xuño de 2007 pola que se regulan o acceso e a admisión ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño (DOG do 11 de xullo de 2007).**

**>> Orde do 15 de marzo de 2013 pola que se modifica a Orde do 25 de xuño de 2007, pola que se regulan o acceso e a admisión ás ensinanzas profesionais de Artes Plásticas e Deseño (DOG do 25 de marzo de 2013)**

**>> RESOLUCIÓN da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o acceso e a admisión do alumnado ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño para o curso correspondente. Publicación no DOG a partir de abril.**

## Que módulos podo cursar?

### Oferta de ensinanza modular

Os módulos que se poden realizar sen cursar o ciclo e onde realizalos están sinalados dentro de cada Ciclo Formativo de Grao Superior ao que pertencen. A ubicación da Ensinanza Modular pode diferir da do ciclo completo pero sinálase na ficha correspondente.

A oferta de Ensinanza Modular das Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia son:

>> Na EASD Pablo Picasso (A Coruña):

> **Taller de Cerámica I e II** pertencente ao Ciclo Formativo de Grao Superior de Cerámica Artística.
> **Taller de madeira** pertencente ao Ciclo Formativo de Grao Superior de Técnicas Escultóricas.

>> Na EASD Mestre Mateo (Santiago de Compostela):
> **Taller de Dourado e Prateado** pertencente ao Ciclo Formativo de Grao Superior de Dourado, Prateado e Policromía.
> **Taller de Policromía** pertencente ao Ciclo Formativo de Grao Superior de Dorado, Prateado e Policromía.

Ofértanse 15 prazas por cada un dos módulos citados.

## Acceso

Ao tratarse de módulos pertencentes a un Ciclo Formativo de Grao Superior teñen o mesmo sistema de acceso.

Consultar sistema de acceso en páxina 15 desta guía.

## Que formación obteño?

Unha vez superado o alumnado recibe unha certificación de Capacidades Terminais correspondentes aos ditos Talleres.

A certificación terá validez académica só para o alumnado que realizara a proba de acceso.